

Consello de Contas
de Galicia



**PLAN ANUAL DE TRABAJO
EXERCICIO 2019**

ÍNDICE

I. INTRODUCCIÓN	3
II. PROGRAMA DE FISCALIZACIÓNS	6
II.1. OBXECTIVOS	6
II.2. ACTUACIÓNS PROGRAMADAS	6
II.3. PROPOSTA DE ACTUACIÓNS POR ÁREAS	9
II.3.1. ÁREA DE COORDINACIÓN XERAL.....	9
II.3.2. ÁREA DE CONTA XERAL.....	10
II.3.3. ÁREA DO SERGAS	11
II.3.4. ÁREA DE INSTITUCIONAL	12
II.3.5. ÁREA DE CORPORACIÓNS LOCAIS	13
III. PROGRAMA DE ACTIVIDADES DE PREVENCIÓN DA CORRUPCIÓN	19
III.1. OBXECTIVOS XERAIS	19
III.2. PROPOSTA DE ACTUACIÓNS POR ÁREAS	21
IV. OUTRAS ACTUACIÓNS.....	22
V. RECURSOS HUMANOS E MATERIAIS	23



I. INTRODUCCIÓN

O Consello de Contas, dependente do Parlamento de Galicia, é o órgano competente para a fiscalización externa da xestión económica, financeira e contable do sector público da Comunidade Autónoma de Galicia, así como para o asesoramento ao Parlamento de Galicia en materia económico-financiera e para exercer a función de prevención da corrupción no ámbito da actividade económico-financiera do sector público da Comunidade Autónoma.

A Lei 8/2015, do 7 de agosto, de reforma da Lei 6/1985, do Consello de Contas, atribúe a esta Institución as seguintes competencias en materia de prevención da corrupción: a) colaborar coas Administracións suxeitas ao seu ámbito de actuación e facerlles propostas na elaboración de manuais de xestión de riscos; b) comprobar os sistemas de prevención da corrupción que se poñan en marcha; c) asesorar sobre os instrumentos normativos máis adecuados para previr e reprimir a corrupción; d) fomentar na sociedade civil e, particularmente, no ámbito empresarial a transparencia e o comportamento ético nas súas relacións co sector público.

Conforme ao establecido no artigo 7.3 m) e 10.2 bis da Lei 6/1985, do Consello de Contas, o Pleno da Institución aproba un plan anual de traballo no que se integra o programa de actividades elaborado pola Sección de Prevención da Corrupción. O Regulamento de réxime interior establece no artigo 26 que *"Durante o último trimestre do ano, o Consello de Contas elaborará o plan anual de traballo, que conterá as actuacións a desenvolver no exercicio seguinte, indicando as razóns que motivan a súa realización e o seu ámbito subxectivo, obxectivo e temporal, e no que se integrará o programa de actividades da Sección de Prevención da Corrupción"*.

Pola súa banda, o artigo 25 do citado regulamento prevé que *"O Consello de Contas aprobará un plan estratéxico a medio prazo, no que se enmarcará a elaboración dos plans anuais de traballo, que conterá a planificación das súas actuacións, así como os obxectivos, liñas de traballo e áreas de fiscalización preferentes. O plan estratéxico a medio prazo abarcará un período mínimo de tres anos"*. En cumprimento deste artigo 25 o Pleno do Consello, con data 12 de decembro de 2018, aprobou o seu primeiro plan estratéxico que comprende os exercicios 2019-2022.

O plan ordénase ao redor de catro eixos que responden ao compromiso da Institución de contribuír á mellora da calidade da actividade económico-financiera pública e ao bo goberno.

Eixo 1: Fiscalización da actividade económico-financiera do sector público de Galicia.

Eixo 2: Prevención da corrupción.

Eixo 3: Bo goberno e organización interna.

Eixo 4: Fortalecemento das relacións co Parlamento, a sociedade galega e cooperación con outras entidades.

O primeiro eixo céntrase na actividade esencial do Consello, e a través de dous obxectivos estratéxicos pretende contribuír ao desenvolvemento e orientación adecuada das políticas públicas e á mellora da xestión pública en termos de rendición de contas. Para iso, deséñanse medidas para dotar á súa actividade fiscalizadora da máxima calidade, e para contribuír á transparencia e mellora da xestión económico-financeira dos fondos públicos.

O segundo eixo pretende dar cumprimento ás novas funcións da Institución en materia de prevención da corrupción mediante tres obxectivos estratéxicos: colaborar coas administracións galegas na implantación de instrumentos e sistemas de prevención e integridade, asesorar ao Parlamento e ás Administracións públicas galegas e realizar accións de sensibilización e concienciación.

O terceiro eixo está destinado ao goberno e organización interna. A través de catro obxectivos estratéxicos preténdese dar un impulso á mellora do funcionamento interno da Institución con especial incidencia nos recursos humanos e materiais. Estes obxectivos están dirixidos a promover as competencias profesionais, a implantar de forma decidida a administración electrónica, a mellorar as infraestruturas e servizos informáticos, a implantar na Institución mecanismos de integridade e ética no seu funcionamento, e a adecuar a estrutura e organización ás novas funcións.

Finalmente, o cuarto eixo vai dirixido a potenciar as relacións e o coñecemento da actividade da Institución como medio para unha mellor eficacia do seu labor. Esta finalidade concrétase entorno a tres obxectivos estratéxicos: o primeiro destinado a reforzar as relacións co Parlamento, como Institución da que depende e á que serve de soporte, o segundo dedicado á transparencia, comunicación e difusión da súa actividade, e o terceiro relativo á cooperación con outras entidades.

No presente plan de actividade para o exercicio 2019 mantéñense liñas básicas de traballo seguidas nos últimos exercicios que, completadas con outras, pretenden dar resposta ás orientacións que marca o recente aprobado plan estratéxico. Desta forma sinálanse os seguintes obxectivos do plan:

- Refórzase o control do sector público autonómico e local, con fiscalizacións tanto específicas como horizontais, dando prioridade a aquelas áreas que impliquen maior risco e avanzando nas fiscalizacións de control interno e nas operativas.
- No sector público autonómico continúaase co proceso de integrar os resultados da fiscalización do conxunto deste sector co obxecto de dotar de maior valor e visibilidade á declaración definitiva da xestión do sector público.



- Respecto do control do sector público local realízase a explotación da información contractual do sector público local, e dos reparos e informes formulados pola Intervención e dos acordos adoptados contrarios aos informes do secretario da entidade local, sen deixar de atender as fiscalizacións horizontais.
- Prográmanse fiscalizacións en áreas de especial preocupación para os cidadáns como sanidade e servizos sociais, así como en ámbitos que permiten analizar a sustentabilidade económico-financeira das políticas públicas, ou en sectores de relevancia como as universidades.
- Desenvólvense fiscalizacións específicas naquelas entidades nas que se aprecian indicios de que os controis internos son insuficientes, resultado da información da análise das súas contas. Así mesmo, tómanse en consideración as comunicacións ou denuncias presentadas no Consello.
- Intensifícase o proceso de seguimento das recomendacións e do seu grao de cumprimento.
- Outórgase especial consideración ás recomendacións do Parlamento que se incorporan na programación de actuacións.
- En materia de prevención da corrupción prográmanse actuacións destinadas a colaborar na implantación no sector público de sistemas de control que permitan garantir o comportamento ético dos xestores públicos, e a fomentar a conciencia e a participación cidadá a favor da transparencia e dese comportamento ético.

Estes obxectivos desenvólvense mediante unha sistemática de traballo que se fundamenta en:

- Dotar e garantir a máxima calidade dos traballos de fiscalización mediante a adecuada aplicación de manuais e guías técnicas, avanzando na implantación de sistemas de control de calidade.
- Procurar o achegamento temporal da actividade de control ao momento no que se producen os feitos suxeitos para fiscalizar mediante a redución dos prazos de execución.
- Fomentar a profesionalización do persoal da Institución mediante a mellora continua da súa cualificación profesional, en función das necesidades que teñen tanto as áreas nas que se estrutura o Consello como cada un dos postos de traballo.

- Apostar firmemente pola utilización xeneralizada das tecnoloxías da información e comunicación, e polo impulso do emprego de ferramentas informáticas nos traballos de fiscalización e prevención da corrupción, co fin de gañar en eficiencia e produtividade nos traballos desenvolvidos.

II. PROGRAMA DE FISCALIZACIÓNS

II.1. OBXECTIVOS

O programa de fiscalizacións para o ano 2019, enmarcado nas liñas programáticas definidas no punto anterior, ten como prioridade, unha vez máis, a selección de áreas de risco especialmente relevantes na xestión económico-financeira do sector público, que completen ademais a análise efectuada nos informes de Conta Xeral.

Ademais, o Consello intensificará o seguimento das recomendacións da Institución sobre a xestión económico-financeira pública incluídas nos informes de fiscalización, así como das resolucións sobre os ditos informes efectuadas polo Parlamento de Galicia. Este seguimento realizarase sobre tódolos informes de fiscalización a partir da información que se recabe dos contadantes, e completarase con outros informes de fiscalización específica de recomendacións que se aproban neste plan anual de traballo. O seguimento das recomendacións verificarase, ademais, no ámbito da Administración autonómica no seo da Comisión Mixta Consello de Contas-Intervención Xeral.

Con carácter transversal, tamén se incorporará á actividade de control a verificación do cumprimento dos principios de transparencia establecidos pola normativa de transparencia e bo goberno e das prescricións que establece a Lei orgánica para a igualdade efectiva de mulleres e homes, que se incorporará a tódolos informes de fiscalización.

De forma complementaria ás actuacións en materia de prevención, considerarase na planificación dos traballos de fiscalización a inclusión da avaliación do control interno orientado aos sistemas de prevención, cuxos resultados se incorporarán aos informes.

Nos diferentes traballos de fiscalización, na medida en que os ámbitos de actuación definidos o permitan, atenderanse os acordos do Pleno relativos á toma en consideración das comunicacións ou denuncias de persoas físicas ou xurídicas presentadas no Consello.

II.2. ACTUACIÓNS PROGRAMADAS

O Plan anual distingue entre as fiscalizacións que se realizan en cumprimento dun mandato legal, as solicitadas polo Parlamento, as previstas en colaboración co Tribunal de Cuentas, e as programadas



por iniciativa do Consello de Contas. Coa finalidade de visualizar e dispoñer dunha mellor información sobre o desenvolvemento das actuacións durante el exercicio 2019, e tendo en conta que o proceso de execución das fiscalizacións previstas no plan de traballo realízase ao longo de varios exercicios, preséntase a programación correspondente ao ano natural, na que se incorporan os informes en execución correspondentes a un plan anterior.

Cadro 1. Actuacións de fiscalización programadas

Iniciativa da actuación fiscalizadora	Programa	Ano previsto de aprobación	
		2019	2020
<i>Fiscalizacións que se realizan en cumprimento dun mandato legal</i>			
Conta Xeral da Comunidade Autónoma, exercicio 2017	2019	✓	
Conta Xeral do Servizo Galego de Saúde, exercicio 2017	2019	✓	
Fondos de Compensación Interterritorial, exercicio 2017	2019	✓	
Informe sobre a rendición das Contas Xerais das entidades locais	2019	✓	
Informe da Conta Xeral das entidades locais, exercicio 2017	2019	✓	
<i>Fiscalizacións que se realizan atendendo as recomendacións do Parlamento</i>			
Informe financeiro das entidades instrumentais autonómicas, exercicio 2017	2019	✓	
Fiscalización sobre a existencia e cumprimento de cláusulas sociais na contratación pública das entidades instrumentais da Comunidade Autónoma Galega	2018	✓	
Fiscalización das medidas implementadas polas entidades instrumentais da Comunidade Autónoma para favorecer o acceso das pequenas e medianas empresas (PEMES) á contratación pública	2018	✓	
Informes de fiscalización das deputacións provinciais	2019	✓	
Informe de fiscalización da comisión intermunicipal para o bombeo Razamonde/San Trocado	2019	✓	
<i>Fiscalizacións en colaboración co Tribunal de Cuentas</i>			
Fiscalización das actuacións en materia medioambiental levadas a cabo polos concellos de máis de 10.000 habitantes	2018	✓	
Informe de seguimento das recomendacións incluídas nos informes de fiscalización da dependencia. Exercicios 2008-2015	2019	✓	
<i>Fiscalizacións programadas a iniciativa do Consello</i>			
Informe sobre os acordos contrarios a reparos formulados polas Intervencións locais	2019	✓	
Informe sobre os extractos dos expedientes de contratación e das relacións anuais de contratos celebrados polas entidades locais	2019	✓	
Informe sobre os extractos dos expedientes de convenios e das relacións anuais de convenios celebrados polas entidades locais	2019	✓	
Fondos procedentes da Unión Europea, exercicio 2017	2019	✓	
Informe de seguimento da fiscalización do endebedamento autonómico	2018	✓	
Informe de fiscalización dos gastos en bens e servizos correntes na Administración xeral da Comunidade Autónoma	2018	✓	
Informe de fiscalización dos gastos de persoal na Administración xeral da Comunidade Autónoma	2017	✓	
Informe de fiscalización do programa de gasto 131A-Administración de Xustiza, exercicio 2015-2017	2017	✓	

Iniciativa da actuación fiscalizadora	Programa	Ano previsto de aprobación	
		2019	2020
Informe de fiscalización da execución da contratación do Sergas, exercicios 2012-2014	2018	✓	
Informe de fiscalización do gasto farmacéutico derivado da dispensación de receitas médicas, exercicios 2009-2017	2018	✓	
Informe de fiscalización do Plan de asistencia ao ICTUS, exercicio 2016	2018	✓	
Informe de fiscalización do contrato de concesión do Hospital Álvaro Cunqueiro de Vigo	2017	✓	
Fiscalización dos criterios de adxudicación e da motivación das contratacións realizadas polas entidades instrumentais da Comunidade Autónoma Galega	2018	✓	
Avaliación e análise da situación económico-financeira-patrimonial e orzamentaria dos consellos reguladores das denominacións xeográficas do sector alimentario	2018	✓	
Fiscalización das universidades públicas galegas	2017	✓	
Fiscalización dos contratos de construción e xestión das autovías financiadas mediante peaxe en sombra	2016	✓	
Informe de seguimento das recomendacións incluídas nos informes de fiscalización das cámaras de comercio galegas, exercicios 2010-2011	2017	✓	
Informe sobre as contas anuais das sociedades mercantís da Comunidade Autónoma	2019		✓
Informe de fiscalización das taxas, prezos e outros ingresos patrimoniais do Sergas, exercicios 2015-2017	2019	✓	
Informe de fiscalización da contratación dunha solución global que cubra as necesidades de realización de probas e procedementos de diagnóstico por imaxe, intervencionismo, medicina nuclear e radioterapia no Servizo Galego de Saúde	2019		✓
Fiscalización selectiva do Concello de Vigo	2019		✓
Fiscalización selectiva da Deputación de Ourense	2019		✓
Auditoría de xestión. Concello de Ourense	2019		✓
Informe de seguimento das recomendacións. Corporacións Locais	2019		✓
Informes programados a consecuencia de comunicacións presentadas ao efecto. Corporacións Locais: Concello de Boiro, Concello de Porriño, Concello de Trazo, Concello de Carballo, Concello de Curtis, ELM Bembrive, Concello Padrón, Concello San Amaro, Concello de Cangas e Concello de Verín.		✓	✓
Fiscalización do impacto en termos de eficacia e eficiencia dos proxectos financiados con fondos da Unión Europea no sector enerxético de Galicia. Programa Operativo 2014-2020	2019	✓	

Reorientación de traballos e remate de actuacións do plan anterior:

- Incorpórase nas actuacións do Informe de fiscalización dos gastos en bens e servizos correntes na Administración xeral da Comunidade Autónoma a recomendación do Parlamento de Galicia relativa á fiscalización correspondente á adxudicación dos contratos de limpeza de edificios administrativos da Xunta do ano 2017.
- Informe de fiscalización do Programa de gasto 131A-Administración de xustiza. Para a adecuada consecución dos obxectivos previstos no citado Programa de traballo, en relación coa avaliación operativa das distintas políticas instrumentais executadas pola Comunidade



Autónoma no marco da súa programación estratéxica coa finalidade de dotar de medios de soporte á Administración de Xustiza, considerase necesaria á ampliación do ámbito temporal da referida fiscalización ao bienio 2016-2017.

- Non se inclúen no cadro as actuacións que figuraban no plan anterior coa previsión de ser aprobadas no ano 2018, que teñen rematado o seu traballo de campo e se atopan na fase final de elaboración de cara á súa próxima aprobación:
 - Fiscalización dos plans de racionalización do sector público instrumental da Comunidade Autónoma Galega.
 - Informe de fiscalización do programa de gasto 713E Benestar Animal e Sanidade Vexetal.
 - Seguimento das recomendacións incluídas no informe de fiscalización da contratación pública, exercicios 2010-2011.
 - Informe de fiscalización do concerto co Hospital POVISA.
 - Informe de fiscalización da responsabilidade patrimonial no ámbito do Servizo Galego de Saúde.
 - Fiscalizacións das resolucións e acordos contrarios aos reparos formulados polas intervencións locais dos concellos de poboación entre 10.001 e 20.000 habitantes.
 - Fiscalización selectiva das fundacións do sector público autonómico.

II.3. PROPOSTA DE ACTUACIÓNS POR ÁREAS

II.3.1. ÁREA DE COORDINACIÓN XERAL

II.3.1.1 Fiscalización dos Fondos de Compensación Interterritorial, exercicio 2017

Esta fiscalización dá cumprimento á esixencia imposta pola Lei 22/2001, reguladora dos Fondos de Compensación Interterritorial (en diante FCI), que establece o deber para o Consello de Contas de Galicia de elaborar un informe separado e suficiente de todos os proxectos financiados con cargo aos FCI, para sometelo ao control do Parlamento de Galicia.

A fiscalización terá como obxectivos principais a comprobación da legalidade e a regularidade das operacións e a determinación dos índices de execución dos proxectos financiados ou cofinanciados polos FCI durante o exercicio 2017.

II.3.1.2 Fiscalización dos Fondos procedentes da Unión Europea, exercicio 2017

A fiscalización dos Fondos Estruturais, Fondo de Cohesión e os Instrumentos Financeiros, sen prexuízo das competencias que ten atribuídas o Tribunal de Contas Europeo, levarase a cabo polo Consello de Contas, xa que os seus programas de gastos e os seus recursos constitúen unha parte cuantitativa e cualitativa moi relevante dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma.

O traballo desenvolverase para dar cumprimento a un dobre obxectivo: a auditoría financeira, que terá por obxecto a análise de conformidade sobre se as contas asociadas á execución dos Fondos Europeos que recibe Galicia presentan unha información completa e exacta das operacións desenvolvidas no exercicio 2017; e, por outra banda, a fiscalización de cumprimento da legalidade dos proxectos financiados con Fondos Europeos.

II.3.1.3 Fiscalización do impacto en termos de eficacia e eficiencia dos proxectos financiados con fondos da Unión Europea no sector enerxético de Galicia. Programa Operativo 2014-2020

O traballo ten por obxecto a fiscalización do sector enerxético de Galicia mediante a análise dos proxectos de investimento financiados con fondos europeos percibidos directamente por determinadas entidades públicas e privadas de Galicia dentro do Programa Operativo 2014-2020.

Para levalo a cabo, analizarase a situación enerxética de Galicia, o establecemento de estratexias e liñas de actuación propostas pola Xunta de Galicia no ámbito das infraestruturas enerxéticas dos sectores da electricidade, gas, enerxías renovables e outras aplicacións enerxéticas. A análise concluirá coa medición do impacto que ditas estratexias e medidas supuxeron para os sectores industrial, de servizos e institucional de Galicia.

O informe supón a realización dunha auditoría operativa que permitirá extraer conclusións sobre a situación actual do sector enerxético en infraestruturas, dependencia, diversificación, aforro, eficiencia e o seu impacto sobre o medio ambiente natural.

II.3.2. ÁREA DE CONTA XERAL

II.3.2.1. Informe de fiscalización da Conta Xeral da Comunidade Autónoma e declaración definitiva correspondente ao exercicio 2017

O artigo 25 da Lei 6/1985, do Consello de Contas, sinala que "O Consello de Contas, por delegación do Parlamento de Galicia, procederá ao exame e comprobación da Conta Xeral da Comunidade Autónoma dentro do prazo de 6 meses, a partir da data na que se rendera. O Pleno ditará a declaración definitiva que lle mereza para elevala ao Parlamento...".

Os obxectivos deste informe son verificar se a información rendida é completa e permite trasladar ao



Parlamento unha opinión fiable da situación e actividade dos centros públicos da Administración da Comunidade Autónoma, determinar se a Conta da Administración reflicte razoablemente a imaxe fiel do patrimonio, dos resultados e da liquidación do orzamento; e ofrecer a información necesaria para interpretar correctamente a situación financeira da Administración, completando o contido das contas nos casos nos que se estime necesario.

Un obxectivo específico é incorporar a este informe aspectos da análise do gasto consolidado de todo o sector público autonómico, de cara a ir conformando un informe de Conta Xeral do sector público autonómico.

II.3.2.2. Informe de seguimento das recomendacións incluídas nos informes de fiscalización da dependencia. Exercicios 2008-2015

A necesidade de comprobación do cumprimento das recomendacións formuladas en informes anteriores é unha esixencia derivada da normativa reguladora do Consello, das recomendacións do Parlamento e das propias directrices de traballo establecidas polo Pleno.

O ámbito subxectivo, obxectivo e temporal do traballo é o definido nos informes de fiscalización que inclúen as recomendacións obxecto de seguimento.

Por outra parte, esta fiscalización realizarase en colaboración co Tribunal de Cuentas e os demais OCEX, no marco dunha fiscalización horizontal da situación actual da Lei 39/2006, de 14 de decembro, de Promoción da Autonomía Persoal e Atención ás persoas en situación de dependencia, referida aos exercicios 2017-2018.

II.3.3. ÁREA DO SERGAS

II.3.3.1. Informe de fiscalización da Conta Xeral do Servizo Galego de Saúde correspondente ao exercicio 2017

O obxectivo principal da fiscalización é a análise da liquidación orzamentaria do exercicio, cun esquema similar ao de anteriores informes. As actuacións a levar a cabo centraranse na execución do orzamento consolidado de ingresos e de gastos, coa finalidade de determinar a situación económico-financieira do sistema público de saúde de Galicia. Serán obxecto de especial verificación as modificacións orzamentarias e as obrigas pendentes de recoñecer a fin de exercicio.

Por outra banda, examinaranse diferentes aspectos da xestión do organismo, como a evolución do gasto farmacéutico, os concertos e os instrumentos de relación coas fundacións e sociedades públicas sanitarias e o seu financiamento.

II.3.3.2. Informe de fiscalización das taxas, prezos e outros ingresos patrimoniais do Sergas, exercicios 2015-2017

Os ingresos que obtén o Sergas procedentes da súa propia actividade así como da explotación do seu patrimonio, supoñen un elemento cada vez máis importante para garantir o equilibrio financeiro da entidade. Por outra banda, tal e como se vén observando en informes anteriores sobre esta materia, resulta preciso comprobar a facturación que leva a cabo o Sergas por servizos prestados non cubertos polo Sistema Nacional de Saúde, e o seu impacto no financiamento do organismo autónomo, así como o seu efecto redistributivo.

Este informe supón a realización dunha auditoría financeira e operativa e ten por finalidade verificar o sistema de contabilización dos ingresos, así como a optimización dos recursos derivados da actividade desenvolvida polo Sergas neste ámbito e a eficacia dos sistemas de recadación.

II.3.3.3. Informe de fiscalización da contratación dunha “solución global que cubra as necesidades de realización de probas e procedementos de diagnóstico por imaxe, intervencionismo, medicina nuclear e radioterapia” no Servizo Galego de Saúde

Trátase dun contrato novidoso en canto ao procedemento de adxudicación ao ter en conta aspectos de innovación e o desenvolvemento de novas tecnoloxías, e que ten un impacto temporal e económico relevante.

Este informe supón a realización dunha auditoría de cumprimento e ten por finalidade analizar o cumprimento da normativa en materia de contratación, así como a análise dos resultados obtidos nas distintas fases e as melloras tanto tecnolóxicas como innovadoras resultantes do contrato.

II.3.4. ÁREA DE INSTITUCIONAL

II.3.4.1. Informe financeiro das entidades instrumentais autonómicas, exercicio 2017

O Consello de Contas elabora anualmente un informe sobre a actividade económico-financieira das entidades dependentes da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia. O Parlamento de Galicia insta de xeito recorrente ao Consello de Contas a manter o carácter periódico deste traballo. O seu obxectivo é analizar a situación económica do sector público instrumental da Xunta de Galicia. En particular, o informe analiza a composición e evolución das entidades dependentes, a transparencia e calidade da información financeira que elaboran, e a súa situación económica e orzamentaria, poñendo de relevo os principais riscos e incertezas que afectan á sustentabilidade orzamentaria.



II.3.4.2. Informe sobre as contas anuais das sociedades mercantís da Comunidade Autónoma

O informe terá por obxecto valorar a calidade da información financeira proporcionada polas sociedades mercantís, analizar a situación financeira e patrimonial destas entidades e identificar os seus principais riscos financeiros. O ámbito subxectivo abarca todas as sociedades mercantís dependentes da Comunidade Autónoma e o temporal refírese ao exercicio 2018.

II.3.5. ÁREA DE CORPORACIÓNS LOCAIS

II.3.5.1. Análise da rendición das contas locais

Tras a firma do Convenio subscrito entre o Tribunal de Cuentas e o Consello de Contas de Galicia, que tivo lugar o 27 de xuño de 2011, o proceso de rendición de contas por parte das entidades locais de Galicia é único e realízase a través da Plataforma de Rendición de Contas. De acordo co establecido no artigo 25.2 da Lei 6/1985, do Consello de Contas de Galicia, a Conta Xeral das Entidades Locais será rendida directamente ao Consello de Contas polo contadante responsable, no modelo e formato normalizado recomendado pola Resolución da Intervención Xeral da Administración do Estado do 28 de xullo de 2006.

Consecuentemente, o Consello de Contas procederá á verificación e supervisión do cumprimento por parte das entidades locais da obriga de rendición de contas, no soporte informático e o procedemento telemático establecido na Resolución do 26 de xullo de 2010 pola que se fai público o Acordo do Pleno do Tribunal de Cuentas do 20 de xullo de 2010, polo que se aproba a modificación da Instrución que regula estes extremos, e Resolución do Conselleiro Maior do Consello de Contas de Galicia, do 14 de xuño de 2007.

Esta labor de verificación e supervisión dá lugar á catalogación das contas recibidas nas categorías de contas rendidas en prazo ou fóra de prazo, documentación recibida con defectos de tal natureza que impiden a súa consideración como conta rendida, e contas non remitidas.

O resultado desta catalogación e a estatística correspondente será obxecto de publicación na web, no enderezo electrónico <http://www.consellodecontas.es/gl/menus-consello/sector-publico/sector-local>, para xeral coñecemento.

II.3.5.2. Conta Xeral das entidades locais, exercicio 2017

Consistirá na formación da conta xeral das entidades locais, integrando as contas remitidas polas mesmas tomando como criterio de integración os ámbitos institucionais e poboacionais, e incluirá:

- Balance de situación.

- Conta de resultado económico patrimonial.
- A liquidación do orzamento de ingresos e gastos.
- O resultado orzamentario.
- O remanente de tesourería.
- Endebedamento.
- Indicadores.

Ofrecerá unha visión global sobre a situación económica do sector público local, incluíndo a capacidade ou necesidade de financiamento do sector durante o exercicio, aforro bruto e neto xerado, resultados orzamentarios e remanentes de tesourería para gastos xerais dispoñibles.

Os informes agregados estarán dispoñibles a través do portal de rendición de contas do Consello de Contas de Galicia, no enderezo electrónico <http://www.consellodecontas.es/gl/menu-consello/sector-publico/sector-local>.

II.3.5.3. Informe do sector público local, exercicio 2017

Consistirá na análise da rendición das contas de cada Corporación local e organismos, entidades e empresas dependentes, e incluirá:

- Análise da aprobación definitiva da conta anual.
- Análise da rendición das contas das entidades locais, co obxectivo de verificar que a presentación das contas se realiza en tempo e forma, e que se cumpren as formalidades esixidas pola normativa aplicable.
- Análise individualizada das contas das entidades locais.

Os informes individuais estarán dispoñibles a través do portal de rendición de contas do Consello de Contas de Galicia, no enderezo electrónico <http://www.consellodecontas.es/gl/menu-consello/sector-publico/sector-local>.

II.3.5.4. Informe sobre os acordos contrarios a reparos formulados polas Intervencións locais

O artigo 218 do TRLRFL, establece que as intervencións locais estarán obrigadas a remitir anualmente ao Consello de Contas a documentación relativa a resolucións e acordos contrarios aos reparos formulados.

O Consello de Contas de Galicia quere reforzar o control interno das entidades locais, mediante a análise dos reparos e informes efectuados polos interventores, de acordo co previsto nos artigos 215 e seguintes do TRLRFL, tendo en conta a debilidade da función interventora local, no senso de que



carecen de órgano xerárquico superior no que apoiarse e teñen unha maior relación de dependencia (disciplinaria e retributiva) da administración local que fiscalizan.

Os obxectivos da fiscalización serán:

- Verificar o cumprimento da obriga de remitir a información sobre os acordos contrarios a reparos formulados pola Intervención local, os expedientes con omisión de fiscalización previa e as principais anomalías de ingresos das entidades locais do respectivo ámbito territorial. Prestarase especial atención ás entidades que formen parte da mostra seleccionada.
- Determinar as situacións e causas concretas que deron lugar a acordos contrarios a reparos formulados pola Intervención local, a expedientes con omisión de fiscalización previa e ás principais anomalías de ingresos.
- Identificar as áreas de maior risco na xestión das entidades locais que resulte da información remitida polos órganos de Intervención.

Este informe supón a realización dunha fiscalización de cumprimento e ten por finalidade a análise cualitativa e cuantitativa dos tipos de operacións, situacións e causas que deron lugar aos acordos contrarios a reparos e á tramitación de expedientes con omisión de fiscalización previa.

II.3.5.5. Informe sobre os extractos dos expedientes de contratación das relacións anuais de contratos celebrados polas entidades locais

O artigo 335 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público (LCSP), en relación co artigo 2.1.b) da Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas, regula a obriga de remisión de información sobre os contratos a este para o exercicio da función fiscalizadora. Para tal efecto, as entidades locais deben remitir, dentro dos tres meses seguintes á formalización do contrato, unha copia certificada do documento mediante o cal se formalizase este, xunto cun extracto do expediente de que derive, sempre que a contía supere determinados importes segundo o tipo de contrato. Asimesmo serán obxecto de remisión ao Consello de Contas unha relación do resto de contratos celebrados, incluíndo os contratos menores.

Os obxectivos da fiscalización serán:

- Verificar o cumprimento da obriga de remitir a información e documentación contractual de exercicio.
- Revisión da legalidade dos actos de preparación e adxudicación dos extractos de expedientes comunicados.
- Análise estatística do resto da contratación.

Este informe supón a realización dunha fiscalización de cumprimento e ten por finalidade determinar se a contratación cumpre coas leis e disposicións que a regulan.

II.3.5.6. Informe sobre os extractos dos expedientes de convenios e das relacións anuais de convenios celebrados polas entidades locais

O artigo 53 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público en relación co artigo 2.1.b) da Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas, regula a obriga de remisión de información sobre os convenios a este para o exercicio da función fiscalizadora. Para tal efecto, as entidades locais deben remitir, dentro dos tres meses seguintes á formalización do convenio, unha copia certificada do documento mediante o cal se formalizase este, xunto cun extracto do expediente de que derive, sempre que a contía supere determinados importes segundo o tipo de convenio. Asimesmo serán obxecto de remisión ao Consello de Contas unha relación do resto de convenios subscritos.

Os obxectivos da fiscalización serán:

- Verificar o cumprimento da obriga de remitir a información e documentación dos convenios do exercicio.
- Revisión da legalidade dos actos de preparación e adxudicación dos extractos de expedientes comunicados.
- Análise estatística do resto dos convenios.

Este informe supón a realización dunha fiscalización de cumprimento e ten por finalidade determinar se a contratación cumpre coas leis e disposicións que a regulan.

II.3.5.7. Informe das deputacións provinciais

O Parlamento de Galicia, a través da Comisión Permanente non Lexislativa para as Relacións co Consello de Contas, instou ao Consello de Contas para que elabore un informe de fiscalización das deputacións provinciais no que se avalíen:

- Os criterios de repartición dos recursos entre os diferentes concellos a través dos plans provinciais.
- A eficiencia do gasto e o seu peso relativo nos orzamentos en relación coas competencias que deben desenvolver.

Este informe supón a realización dunha fiscalización de cumprimento e operativa que ten por finalidade determinar se as actividades, operacións e información dos plans provinciais cumpren, nos seus aspectos significativos coa normativa aplicable, así como a eficiencia do gasto realizado.



II.3.5.8. Informe de fiscalización da comisión intermunicipal para o bombeo Razamonde/San Trocado

O Parlamento de Galicia, a través da Comisión Permanente non Lexislativa para as Relacións co Consello de Contas, instou ao Consello de Contas para que execute un informe de fiscalización de actividades da Comisión intermunicipal Razamonde-San Trocado que afecta aos concellos de Punxín, San Amaro e Cenlle.

Este informe supón a realización dunha fiscalización de cumprimento e ten por finalidade determinar se a actividade da devandita Comisión cumpre coas leis e disposicións que a regulan.

II.3.5.9. Fiscalización selectiva do Concello de Vigo

O informe terá por obxectivo efectuar unha análise tanto do control interno do concello como de toda a documentación recibida da actividade contractual e dos acordos contrarios aos reparos formulados pola intervención local.

O resultado desta análise de riscos dará lugar á determinación das áreas específicas nas que se centrará esta fiscalización selectiva.

Este informe supón a realización dunha fiscalización de cumprimento e ten por finalidade determinar se as actividades e operacións derivadas das áreas de risco detectadas cumpren nos seus aspectos significativos coa normativa aplicable.

II.3.5.10. Fiscalización selectiva da Deputación de Ourense

O informe terá por obxectivo efectuar unha análise tanto do control interno do concello como de toda a documentación recibida da actividade contractual e dos acordos contrarios aos reparos formulados pola intervención da entidade.

O resultado desta análise de riscos dará lugar á determinación das áreas específicas nas que se centrará esta fiscalización selectiva.

Este informe supón a realización dunha fiscalización de cumprimento e ten por finalidade determinar se as actividades e operacións derivadas das áreas de risco detectadas cumpren nos seus aspectos significativos coa normativa aplicable.

II.3.5.11. Auditoría de xestión. Concello de Ourense

Á vista das debilidades detectadas no Concello de Ourense polo Consello de Contas en diversas áreas de xestión e en especial na área de contratación, acórdase unha nova fiscalización centrada en determinar se as actuacións, programas e a organización da mesma resultan axeitadas con arranxo aos principios de eficacia e eficiencia, e se existen áreas de mellora.

Este informe supón a realización dunha fiscalización operativa que tratará de determinar se as actuacións e programas se xestionan de conformidade cos principios de economía, eficiencia e eficacia, atendendo ás áreas de mellora.

II.3.5.12. Informe de seguimento das recomendacións. Corporacións Locais

Informe que comprenderá todas as actuacións levadas a cabo pola área de Corporacións Locais en materia de seguimento das medidas adoptadas ou a adoptar polas entidades fiscalizadas para cumprir coas recomendacións do Consello de Contas.

Este informe supón a realización dunha fiscalización de cumprimento e ten por finalidade determinar o grao de implantación das recomendacións dos informes de fiscalización.

II.3.5.13. Informes programados a consecuencia de comunicacións presentadas. Corporacións Locais

O artigo 24.3 da Lei 6/1985, do Consello de Contas, faculta ao Consello para acordar de oficio a apertura do procedemento fiscalizador cando coñeza os feitos por medio dunha comunicación presentada ao efecto.

Tratándose dun procedemento que se tramita de oficio e no que o comunicante non ostenta a condición de parte, por imperativo do disposto no artigo 45 da Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, do Tribunal de Cuentas, corresponde ao Pleno do Consello, no exercicio da competencia recollida no artigo 7.3.a) da mencionada Lei 6/1985, apreciar en cada caso a conveniencia e pertinencia de acordar a iniciación dos procedementos fiscalizadores.

Para o exercicio 2019, prográmase a realización dos seguintes informes:

1. Informe Concello de Boiro: terá por obxectivo a análise dos levantamentos de reparos suspensivos formulados pola intervención municipal e o presunto uso abusivo da figura do recoñecemento extraxudicial de créditos.
2. Informe Concello de Porriño: terá por obxectivo analizar posibles irregularidades relativas a diversos aspectos como aprobación de expedientes de modificacións de crédito realizadas de xeito irregular por incumprimento dos principios do dereito orzamentario ou dos criterios que enmarcan a contratación administrativa, ou a aprobación continuada de créditos extraordinarios e de expedientes de recoñecementos extraxudiciais de créditos.
3. Informe Concello de Trazo: terá por obxectivo a análise de posibles irregularidades no pagamento de indemnizacións en concepto de dietas e viaxes durante o período 2014-2017.
4. Informe Concello de Carballo: terá por obxectivo a análise de posibles irregularidades no abono de certas gratificacións extraordinarias por parte do Concello de Carballo e a práctica xeneralizada da habitualidade nos servizos extraordinarios.



5. Informe Concello de Curtis: terá por obxectivo a análise das posibles irregularidades sobre o contrato de recollida do lixo.
6. Informe ELM Bembrive: terá por obxectivo a análise da conta xeral do exercicio 2015, as posibles contratacións verbais, existencia de facturas sen rexistrar e sen consignación orzamentaria e o reiterado incumprimento do principio de estabilidade orzamentaria.
7. Informe Concello de Padrón: terá por obxectivo a análise da non formalización duns contratos ou convenios, así como do levantamento de reparos suspensivos para o pago de facturas.
8. Informe Concello de San Amaro: terá por obxectivo a análise de posibles incumprimentos nas actuacións derivadas das obras vinculadas a un convenio ao abeiro do plan Hurbe suscrito entre a Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio e o Concello de San Amaro.
9. Informe Concello de Cangas: terá por obxectivo a análise do levantamento de numerosos reparos suspensivos, moitos deles relativos a fraccionamentos contractuais e reiteracións na contratación menor, entendéndose reproducida esa práctica durante o ano 2018.
10. Informe Concello de Verín: terá por obxecto a análise de presuntas irregularidades na actividade económico-financeira do Concello de Verín, relativas á non formación da conta xeral do Concello de Verín, incumprimentos nas regras relativas aos pagamentos ou irregularidades nos procedementos de contratación.

Estes informes supoñen a realización de fiscalizacións de cumprimento e teñen por finalidade determinar se as actividades, operacións e información das entidades subliñadas cumpren nos seus aspectos significativos coa normativa aplicable.

III. PROGRAMA DE ACTIVIDADES DE PREVENCIÓN DA CORRUPCIÓN

III.1. OBXECTIVOS XERAIS

O Plan estratéxico do Consello de Contas 2019-2022 establece dentro do eixe 2 *Prevención da corrupción* as liñas básicas que definen as actuacións do Consello nesta materia: a colaboración coas entidades do sector público autonómico na implantación de sistemas de prevención da corrupción, o asesoramento ao Parlamento e ás administracións públicas nesta materia e, por último, o fomento da concienciación e participación cidadá a favor da transparencia e dun comportamento íntegro.

Dentro deste marco, e en coherencia cos obxectivos establecidos para cada liña, as actuacións da Institución para o exercicio 2019 concréntanse nas seguintes:

1. Continuar cos traballos de diagnóstico dos sistemas de prevención nas entidades integrantes dos subsectores da Administración local e Institucional e nas entidades dependentes do SERGAS, formulando recomendacións tendentes ao fortalecemento dos seus sistemas de control interno (medidas 2.1.2 e 2.2.1 do plan estratéxico).
2. Avaliar os avances no grao de implantación dos sistemas de prevención nas entidades públicas que xa foron obxecto do estudo diagnóstico, formulando recomendacións tendentes ao fortalecemento dos seus sistemas de control interno (medidas 2.1.2 e 2.2.1 do plan estratéxico).
3. Impulsar e acompañar a implantación de plans de prevención nas entidades do sector público da Comunidade Autónoma (medidas 2.1.4 e 2.2.2 do plan estratéxico).
4. Aprobar e poñer a disposición das entidades que integran o sector público da Comunidade Autónoma os documentos técnicos elaborados en materia de prevención da corrupción; en concreto, o *Documento número 4: Metodoloxía de avaliación de Riscos*; o *Documento número 5: Catálogo de riscos en actividades con especial incidencia*; e o *Documento número 6: Guías para a avaliación dos sistemas de control interno e prevención da corrupción* (medida 2.1.1 do plan estratéxico).
5. Elaborar, como complemento dos traballos do plan de prevención de riscos de corrupción para o Consello de Contas, o *Documento número 7: Modelo de plan de prevención de riscos da corrupción* (medida 2.1.1 do plan estratéxico).
6. Elaborar, a partir dos resultados do traballo sectorial de avaliación da transparencia da contratación nas entidades públicas instrumentais, unha *ferramenta de autodiagnóstico da transparencia na contratación*, e o *Documento número 8: Guía técnica para a prevención da corrupción en materia de contratación pública* (medida 2.1.1 do plan estratéxico).
7. Realizar as actuacións de desenvolvemento dos protocolos de colaboración asinados no exercicio 2018 (medidas 2.3.1 e 2.3.2 do plan estratéxico).
8. Presentar e promover a sinatura de protocolos de colaboración coas deputacións provinciais e a FEGAMP para a promoción de actuacións en materia de prevención de riscos da corrupción na Administración local de Galicia (medida 2.3.1 do plan estratéxico).
9. Convocar o premio de investigación "Carlos G. Otero Díaz" e o certame literario dirixido ao alumnado da ESO e bacharelato.

De forma permanente, o Consello abordará os traballos de asesoramento que se lle soliciten sobre os instrumentos normativos; realizará actuacións de alicerce e concienciación no sector público; e actividades de acompañamento, formación e impulso, así como de promoción de instrumentos de colaboración.



III.2. PROPOSTA DE ACTUACIÓNS POR ÁREAS

Seguindo a mesma sistemática que nas actuacións de fiscalización, diferéncianse as actuacións en materia de prevención correspondentes ao ano natural, das incluídas no plan anterior.

Cadro 2. Actuacións en materia de prevención da corrupción programadas

Actuación	Programa	Área
Avaliación dos avances no grao de implantación dos sistemas de prevención na Administración xeral da Comunidade Autónoma.	2019	CONTA XERAL
Diagnóstico sobre a implantación de sistemas de control interno e de xestión de riscos nas entidades locais con tramo de poboación de 10.001 a 20.000 habitantes.	2017	CORPORACIÓNS LOCAIS
Diagnóstico sobre a implantación dos sistemas de control interno e de xestión de riscos nas sociedades mercantís do sector público autonómico da Comunidade Autónoma.	2017	INSTITUCIONAL
Diagnóstico sobre a implantación dos sistemas de control interno e de xestión de riscos nas entidades dependentes do SERGAS.	2017	SERGAS
Verificación do control interno sobre o cumprimento por parte dos beneficiarios das condicións esixidas pola normativa aplicable con posterioridade á percepción das axudas financiadas con fondos europeos.	2017	COORDINACIÓN XERAL
Avaliación dos mecanismos de control dos fondos europeos recibidos polas entidades públicas procedentes doutras administracións e organismos públicos.	2019	COORDINACIÓN XERAL

Remate de actuacións do plan anterior:

Non se inclúen no cadro as actuacións que figuraban no plan anterior coa previsión de ser aprobadas no ano 2018, que teñen rematado o seu traballo de campo e se atopan na fase final de elaboración de cara á súa próxima aprobación:

- Diagnóstico sobre a implantación dos sistemas de control interno e de xestión de riscos nos centros da Administración xeral da Comunidade Autónoma (Área de conta xeral).
- Avaliación do deseño e implantación dos sistemas de control interno e de xestión de riscos na verificación das axudas financiadas con fondos europeos (Área de Coordinación xeral).

- Avaliación da transparencia na actividade contractual das entidades instrumentais (Área de Institucional).

Os traballos de avaliación do deseño e implantación dos sistemas de control interno e de prevención da corrupción artículanse sobre un primeiro estudo diagnóstico deses sistemas e posteriores avaliacións do seu grao de avance e desenvolvemento en base ás medidas adoptadas impulsadas como consecuencia dos traballos do Consello de Contas e das recomendacións efectuadas no estudo diagnóstico.

As avaliacións dos sistemas de control interno e de xestión de riscos realizaranse conforme ás directrices técnicas aprobadas polo Pleno, e abarcarán o exame:

- Do contorno de control das entidades, a fin de verificar que fomente a integridade e valores éticos do persoal.
- Da estrutura organizativa, coa finalidade de examinar que definan unha clara asignación de responsabilidades.
- Da identificación das áreas de actividade especialmente vulnerables á corrupción e dos riscos que afectan a integridade institucional.
- Das actividades ou medidas impulsadas de control interno, a fin de asegurar que garanten a súa efectividade.

Estas actuacións encádranse na medida *2.1.2 Diagnóstico e avaliación sistemática do grao de implantación dos sistemas de control interno e prevención da corrupción, identificando áreas de posible mellora e formulando recomendacións;* e na medida *2.2.1 Impulsar medidas normativas tendentes ao desenvolvemento adecuado dos sistemas de control interno e de prevención da corrupción,* do plan estratéxico do Consello de Contas 2019-2022.

IV. OUTRAS ACTUACIÓNS

As novidades normativas derivadas da Lei 8/2015, de reforma da Lei 6/1985, do Consello de Contas, e da aprobación do Regulamento de réxime interior, obrigan a abordar outros aspectos organizativos, de planificación e procedemento, entre os que se prevén:

- O desenvolvemento do plan de formación.
- Os manuais de fiscalización.
- Plan de prevención de riscos da corrupción do Consello de Contas



V. RECURSOS HUMANOS E MATERIAIS

O persoal efectivo destinado no exercicio 2019 á realización das funcións de fiscalización e prevención da corrupción, distribuído entre as distintas áreas, é o seguinte:

Cadro 3: Persoal por Áreas

	Coordinación Xeral	Corporacións Locais	Institucional	SERGAS	Conta Xeral
Auditores/as	4	4	3	2	3
Técnicos/as Auditoría	3	5	4	4	4
Axudantes Auditoría	2	1	2	3	2
Auxiliares Administrativos/as	1	3	1	1	1
Secretarios/as	1	1	1	1	1

Neste exercicio 2019 empregaranse como ferramentas de auditoría as aplicacións TEAMMATE e QLIK, manténdose a aplicación IDEA para a análise de datos.